



O porto do camiño*

CAMIÑO INGLÉS
a Compostela



IGREXA DE SANTIAGO NA CIDADE VELLA

*a Santiago

Ao ser os ingleses os peregrinos máis numerosos, este itinerario coñeceu-se como **Camiño Inglés**. Nos anos noventa do s. XX recuperouse para os peregrinos. A Catedral de Santiago concede a Compostela, o certificado da peregrinación, a quen o realice desde A Coruña en determinadas condicións.



PEREGRINOS SAÍNDO DA CORUÑA



ABRAZO AO APOSTOL NA SÚA IGREXA

Certas tradicións sinalan que o apóstolo Santiago o Maior predicou no extremo occidental da actual Galicia, considerada no s. I polos romanos a fin do mundo. No s. IX descubriuse nestas terras o que se considerou o seu sepulcro.

Este feito xerou un sorprendente fluxo medieval de peregrinos desde gran parte de Europa, orixinando a actual cidade de Santiago de Compostela e a súa catedral. Moitos chegaron por mar cuxa procedencia era principalmente dos países atlánticos europeos como Polonia, Suecia, etc.

O seu destino era case sen excepción a cidade da Coruña, fundada en 1208. Elixíana pola súa proximidade a Santiago, apenas a 75 km, e polos servizos que o seu porto lles ofrecía.



SINAL NO CAMIÑO

... por mar

Entre os séculos XIII e XVII A Coruña recibiu a peregrinos procedentes dos máis diversos portos atlánticos e bálticos europeos.

As fontes conservadas en países como Reino Unido, Irlanda, Dinamarca, Alemaña, etc., evidencian que, a pesar dos contratempos da historia, durante moitos anos estes peregrinos se contaron por miles. Xerouse unha cultura propia da peregrinación por mar.

Na Coruña, este patrimonio deixou unha pegada intensa, conservada aínda en gran medida. As igrexas de Santiago e Santa María ou a desaparecida de San Xurxo, varios hospitais e mesmo parte da súa disposición urbanística liganse a este feito.



PEREGRINO WILLIAM WEY, 1456
RECREACIÓN



MÁIS INFORMACIÓN EN:

www.turismocoruna.com

SÍGUENOS EN:



Turismo Coruña
Rúa Sol, Edificio Sol, s/n
15003 A Coruña
T 34 981 184 344
infoturismo@coruna.es




PARA SELAR A CREDENCIAL DO PEREGRINO NA CORUÑA:

OFICINA DE TURISMO
Praza de María Pita

OFICINA DE TURISMO TORRE DE HÉRCULES - CIAV
Doutor Vázquez Iglesias s/n

IGREXA DE SANTIAGO
Rúa do Parrote, 1


 O Camiño Inglés percorre 6,8 km polo municipio da Coruña. Comeza na porta do Parrote, antiga entrada portuaria dos peregrinos. Pola rúa do Parrote alcanza a inmediata igrexa de Santiago, onde os peregrinos abrazaban o apóstolo Santiago.

A ruta oficial segue pola rúa de Santiago, cruza a

praza Xeneral Azcárraga, intérnase na rúa das Damas, baixa a praciña dos Anxos e atravesa a praza de María Pita. Continúa polas rúas Rego de Auga e Real, Cantón Grande, Cantón Pequeno e a praza de Mina, tendo o porto á man esquerda.

A rúa Sánchez Bregua, praza de Ourense e avenida de Linares Rivas

son os seguintes tramos. Prolónganse na avenida Alfonso Molina, rúa Santiago Rey Fernández Latorre, Catro Camiños, rúa Ramón y Cajal e avenida Pérez Ardá. Sóbese a continuación pola avenida de Monelos cara a Eirís, con excelentes vistas sobre a ría coruñesa e a praia de Santa Cristina. Na avenida de Montserrat

comeza un descenso que segue por Pedralonga. Tras cruzar sobre a avenida Alfonso Molina, a rúa Río Quintas leva a Portazgo, onde conclúe o municipio coruñés. Comeza Culleredo, coa histórica poboación xacobea do porto do Burgo. Quedan 68 km ata Santiago. 

A Coruña DOS PEREGRINOS

Os pasos dos antigos peregrinos na Coruña perviven no patrimonio da cidade. Representan a conexión emocional do peregrino actual co do pasado. Coñecemos os máis significativos.



Torre de Hércules
Avenida de Navarra, s/n
O mítico faro de orixe romana, emblema da cidade, era a visión máis anhelada polos antigos peregrinos marítimos europeos. Anunciaba a inmediata chegada á terra firme.



Portada do Hospital de Santo André
Rúa do Parrote, s/n
Do s. XV, reinstalouse neste lugar en 1956. Pertencía ao desaparecido hospital de Santo André, o que máis peregrinos sans e enfermos acolleu na Coruña.



Convento de San Domingo
Praza de San Domingo, 1
Varios vestixios lembran a súa relación medieval coas peregrinacións. A súa actual igrexa é do s. XVIII.



Igrexa actual de San Xurxo
Praza Marqués de San Martín
Estilo barroco compostelán do s. XVIII. Substituíu á medieval na rúa Rego de Auga, de onde adoitaban saír os peregrinos ingleses, ao estar dedicada ao patrón do seu país.



Porto do Parrote
Avda. Porto da Coruña
Situado nas inmediacións do hotel Hesperia Finisterre. Hoxe sepulto baixo o formigón, O Parrote e a súa contorna era a área de desembarco dos antigos peregrinos.



Cruceiro de Santo André
Santo André, 32
Pertencía ao hospital de Santo André, que estivo aberto neste lugar desde o s. XIV ao XIX. Os bordóns de peregrino do seu fuste lembran a vocación xacobea do hospital.



Convento de Santa Bárbara
Praza de Santa Bárbara
Especial atención ao orixinal relevo gótico da súa portada. Nel, Santiago, segunda figura grande pola esquerda, media por un dos seus peregrinos ás portas do Xuízo Final.



Igrexa actual de San Nicolás
Rúa de San Nicolás, 18
Dedicada desde a Idade Media ao patrón dos mariñeiros, viaxeiros e peregrinos. O actual edificio é do s. XVIII.



Porta do Parrote
Paseo do Parrote s/n
Nela comeza agora o Camiño Inglés desde A Coruña. No pasado, cruzábase os peregrinos que chegaban ao porto do Parrote. É medieval, reedificada no s. XVII.



Ruínas do antigo convento de San Francisco
Acceso polas inmediacións da praza Carlos I
Neste lugar os franciscanos atenderon peregrinos de toda a condición e procedencia entre os séculos XIII e XVIII.



Rúa de Santiago
Rúa de Santiago
Nela comezaban e comezan moitos peregrinos o seu camiño a Santiago tras visitar a igrexa do mesmo nome.



Colexiata de Santa María do Campo
Rúa de Santa María, 1
Templo medieval con reformas posteriores. Os peregrinos e viaxeiros estranxeiros, sempre ansiosos da protección de María nas súas viaxes e travesías, visitábase de forma incondicional.



Igrexa de Santiago
Rúa do Parrote, 1
Obra inicial do s. XIII, construíuse inmediata ao porto para recibir os peregrinos desembarcados e os que partían. Nela abrazaban emocionados, como na catedral compostelá, unha imaxe do apóstolo Santiago o Maior.



Igrexa de San Sotelo
Avda. Calvo Sotelo, 41
Templo gótico que formaba parte do antigo convento franciscano. Na súa localización orixinal acolleu celebracións relixiosas de peregrinos ingleses e doutras procedencias.

